

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión I**, relativa á privatización dos servizos de prevención e intervención en emerxencias do consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña.

As políticas do PP, desbotando o interese público e mesmo a legalidade vixente, teñen en proceso de licitación - anuncio publicado no DOG, de 5 de decembro - , na que o consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña privatiza o servizo de prevención e intervención en emerxencias. Un contrato millonario que ascende sen o ive a máis de 55 millóns de euros.

As consecuencias funestas das prácticas privatizadoras son coñecidas: degradación dos servizos públicos, convertidos en pretexto para negocios privados; empeoramento das condicións laborais dos traballadores; e incluso en demasiados casos a existencia de prácticas de corrupción político-empresarial. Privatizacións, pois, nas que gañan moi poucos e perdemos a maioría social. Imponse unha reflexión que pode condensarse no aforismo latino, qui prodest?

Este proceso de privatización ten unha ampla contestación social e mesmo dos profesionais encargados das tarfeas de prevención e salvamento. A mesa intersindical de bombeiros de Galicia e a plataforma de bombeiros públicos presentaron recursos de reposición contra a licitación atendendo á vulneración do artigo 9.2 do Estatuto Básico do Empregado Público, que prescribe que nos casos nas que as funcións a desenvolver impliquen directa ou indirectamente o exercicio das potestades públicas ou salvagarda dos intereses xerais teran que ser desempeñadas, estas función, por persoal funcionario público; así o recolle tamén o artigo 85 da lei de bases de réxime local, ao non permitir a xestión indirecta en todo servizo público que supoña un exercicio de autoridade, en coincidencia co recollido na lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Incluso dúas empresas participantes na licitación presentaron recursos que impugnan diversos aspectos dos pregos.

Pregos cuxo texto non deixa de amosar sorprendentes coincidencias coas necesidades das propias empresas licitantes. Nós, como AGE, non queremos deixar de manifestar a nosa preocupación e a nosa reclamación de explicacións por parte das autoridades públicas polo que semella unha evidente subordinación dos intereses públicos aos intereses privadísimos dalgunha empresa. Sorprende que o irmán do xerente do consorcio que licita este servizo sexa a persoa a ocupar – no proceso de subrogación do servizo - unha praza nova de coordinador dos parques; figura que non tivo o actual prego e que agora aparece en coincidencia co organigrama dunha das empresas concorrentes. Se alguén tivera a ousadía de preguntarse estas coincidencias nos pregos podería extraer conclusións pouco edificantes ao respecto das persoas implicadas.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión I:

- Como pode a Xunta teimar en entregar a empresas privadas un servizo público que ademáis aparelle o exercicio de potestades públicas e de autoridade?
- Son na consideración práctica da Xunta de Galicia as emerxencias obxecto de negocio privado?
- Cal é a valoración que efectúa a Xunta dos recursos de reposición presentados polas entidades que agrupan os profesionais que prestan servizos en materia de prevención e salvamento en emerxencias? E dos presentados por empresas que concorren ao proceso de privatización?
- Como explica a Xunta a acomodación do novo prego ás necesidades dunha das empresas concorrentes? Que valoración ética pode argüir a Xunta relativa a que o presidente do consorcio que licita presente un prego que recolle ad hoc unha función nova para unha persoa que resulta ser o irmán do xerente do consorcio? Desbota a Xunta realizar unha investigación independente para despexar calquera irregularidade?
- Contempla a Xunta de Galicia suspender o actual proceso de licitación para que este servizo público se preste en réxime de xestión directa conforme prescriben as leis vixentes?

En Compostela, 29 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 29/01/2015 10:04:12

Anton Sánchez García na data 29/01/2015 10:04:15